



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FISTERRA E CONFRARÍA DE PESCADORES DE FISTERRA PARA A CESIÓN GRATUITA DO CONXUNTO ARQUITECTÓNICO CO NOME “CASTELO DE SAN CARLOS”

D. JOAQUIN FÁBREGAS SANTOS, maior de idade, veciño de Fisterra (A Coruña), con domicilio en Avenida da Anchoa número 3 C.P. 15155 e con NIF 79325451S.

DOÑA AUREA DOMÍNGUEZ SISTO, maior de idade, veciña de Sardiñeiro- Fisterra, con domicilio na Rúa Coruña 39 Sardiñeiro de Abaixo C.P 15153, provista de N.I.F 76364648W.

COMPARECEN o primeiro en nome e representación da CONFRARÍA DE PESCADORES “NUESTRA SEÑORA DE LAS ARENAS” de Fisterra, con domicilio en Paseo do Porto s/n, CP 15155, Fisterra (A Coruña) provista de CIF C-15035363, na súa condición de patrón maior e a segunda en nome e representación do CONCELLO DE FISTERRA, con domicilio na Rúa Santa Catalina 1, CP 15155, Fisterra (A Coruña) con CIF P1503800 C, na súa condición de Alcaldesa da mencionada localidade e recoñécense mutuamente capacidade suficiente para celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN e EXPOÑEN

I.- A actividade pesqueira ten sido, historicamente, un elemento clave no desenvolvemento das zonas costeiras, aportando importantes valores culturais, económicos, medioambientais e sociais. Nas últimas décadas, o cambio de modelo económico ten provocado que actividades tradicionais, como a pesca artesanal, teñan diminuído considerablemente. Neste contexto, as iniciativas turísticas vinculadas directamente coa actividade pesqueira eríxense como importantes alternativas de diversificación para as zonas costeiras.

II.- O denominado turismo pesqueiro e/ou mariñeiro tense constituído nun sector en auxe na nosa Comunidade Autónoma, que conta cun patrimonio natural, cultural e gastronómico de gran valor e atractivo. O seu aproveitamento para convertelo nun produto turístico de calidade, é un reto de proxección nacional e internacional cada vez máis valorado polos diferentes colectivos e profesionais e pola poboación en xeral.

III.- As iniciativas e actividades orientadas á promoción do turismo pesqueiro mariñeiro contan cun enorme potencial de crecemento e xeran novas vías de ingresos que poderían derivar nun emprego estable e complementario da actividade extractiva e, en consecuencia, aportarían un maior dinamismo das zonas costeiras.

A implementación de acción e actividades en torno a este sector suporía a revalorización dos recursos pesqueiros e a dignificación do traballo no mar, difundido as tradición e oficios que lle son propios.

IV.- En atención ás razón anteriores, o mantemento do Museo da Pesca de Fisterra como punto neuráxico dende o que dar a coñecer a realidade mariñeira e a vinculación histórica deste concello á pesca antóxase imprescindible, o que se reflexa ano tras ano co elevado número de visitantes que recibe e o valor dos obxectos alí expostos.

V.- Nos termos do previsto no artigo 25 e demais concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, son competencias dos concellos galegos entre outras, a información e promoción da actividade



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura e equipamentos culturais, ambas competencias asemesmo recollidas no artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia que establece como competencias propias dos concellos as actividades e instalacións culturais e o turismo

Ambas partes asinantes coinciden na conveniencia e necesidade de xuntar esforzos para manter o Museo da Pesca. Aproveitar ao máximo as súas posibilidades para que os visitantes poidan desfrutar dunha visita guiada chea de contidos mariñeiros e recibir información xeral, todo elo coa finalidade de dinamizar o turismo pesqueiro e mariñeiro no Concello de Fisterra e, para tal efecto, acordan a subscripción do presente Convenio de Colaboración de acordo ás seguintes:

Asemesmo as partes deixan constancia de que:

I.- Que a CONFRARÍA DE PESCADORES “NUESTRA SRA DE LAS ARENAS” de Fisterra (no sucesivo a confraría) é propietaria do inmovible que a continuación se describe:

URBANA.- Conxunto arquitectónico co nome “Castelo de San Carlos” sito na Rúa Castillo s/n da localidade de Fisterra (A Coruña); ubícase sobre unha parcela circundada dunha muralla que mide a superficie de cincocentos trinta e sete metros cadrados e na que se empraza unha edificación dun só andar dedicado a museo que mide a superficie de cento corenta e sete metros cadrados. Linda cara ao Norte e Oeste coa Ribeira mar e ao Este e Sur coas rúas da súa situación.

REFERENCIA CATASTRAL.- 8804401MH7580S0001JD.

II.- Que o CONCELLO DE FISTERRA (no sucesivo o concello) está interesado en adquirir o uso temporal do anteriormente referido inmovible coa fin de desenvolver no mesmo a actividade de “Museo de Pesca”.

III.- Que ambas partes formalizan o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Que a Confraría cede ao Concello a título gratuito o inmovible descrito no expositivo I por un período temporal inicial de CATRO AÑOS (4) contados a partir da sinatura do presente contrato, podendo prorrogarse dito período mediante acordo expreso adoptado polo Concello e o órgano competente da Confraría de Pescadores.

SEGUNDA.- O inmovible cedido será destinado exclusivamente como sede do “Museo da Pesca” encargándose o Concello da súa apertura ao público, atención de visitas guiadas, programación de actividades de promoción, custodia e mantemento da totalidade de artigos integrantes da exposición permanente, garantindo o seu cuidado e protección, mantendo en todo caso informada á Confraría das necesidades de conservación apreciadas.

TERCEIRA.- Os gastos de conservación e mantemento do inmovible serán de conta do Concello quen queda na obriga de realizar ao seu cargo as obras e reparacións que procedan do uso continuado e indispensables para a conservación do inmovible, para as cales queda autorizado en virtude do presente convenio.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CUARTA.- Todos os gastos por consumo, instalación, reparación, contratación ou ampliación dos servizos e subministrados de auga, luz, gas e teléfono, así como calquera outro susceptible de ser individualizado por medio de contador será de conta do Concello. A tal efecto o Concello se compromete a dar de alta ao seu nome tales servizos nas respectivas compañías subministradoras.

QUINTA: En recoñecemento da gratuidade da cesión o Concello comprométese á constancia do logotipo da Confraría en calquera anuncio, exposición, ou información de carácter público que teña relación co “Museo de la Pesca” e/ou relación co Castelo de San Carlos.

SEXTA.- Para a coordinación e seguimento das accións previstas no presente Convenio de colaboración, crearase unha Comisión mixta e paritaria na que estarán representadas cada unha das partes asinantes.

Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para a coordinación, o seguimento e a avaliación das accións estipuladas no presente convenio.

SETIMA.- O presente convenio de colaboración estenderá a súa vixencia dende o día da súa formalización por un período de CATRO anos. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no párrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, nos termos do establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Son causas de resolución do presente convenio, o incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, o transcurso do prazo de vixencia sen que se teña acordado a prórroga do mesmo e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Asemesmo, serán motivos de resolución do presente convenio o uso do inmovible para un fin distinto ao pactado e a súa cesión non consentida a un terceiro sen autorización da Confraría.

NOVENA.- As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condición que para a aprobación do convenio.

DÉCIMA.- O presente Convenio terá carácter administrativo, séndolle de aplicación a exclusión recollida no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e rexerase nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e no non previsto nestas, así como para a resolución das dúbidas que se pudieran presentar pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, conforme ao disposto no seu artigo 4.

E en proba de conformidade os contratantes asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Asdo.: Joaquín Fábregas Santos

Asdo: Aurea Domínguez Sisto



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677